Exercicios de reforzo

Unidade 7: Sintaxe da lingua galega (2): unidades e funcións sintácticas. Tipos de cláusulas. A oración. Os modos de enunciación

Xoán e María volveron quedar para estudar sintaxe. María estaba disposta a que Xoán aprendese ben as nocións básicas antes do exame.

1. María quixo empezar o estudo preguntando cales son os tipos de cláusulas que se coñecen tendo en conta a estrutura que se forma a partir do PRED. Que debe responder Xoán?

2. María explicoulle que había tres tipos de cláusulas complexas ou subordinadas, segundo a función que estas desenvolvan no conxunto da cláusula. Cales son? Pon exemplos para cada unha delas.

3. María quixo que Xoán reparase especialmente na función que desenvolven os nexos que introducen estas cláusulas subordinadas. Repasa os apuntamentos e trata de recoñecer as cláusulas subordinadas ás que lle corresponde a conxunción *que*, o pronome relativo *que* e os adverbios *cando, onde* e *como* (ademais doutras posibles locucións adverbiais). Explica por que se produce isto.

4. Segundo a natureza do predicado, María explicoulle a Xoán que existen diversos tipos de cláusulas: atributivas / predicativas, activas / pasivas, etc. Saberías recoñecer e distinguir nos seguintes exemplos cales son reflexivas e cales recíprocas?

Carlos feriuse xogando con Pedro:

Carlos feriu a Pedro e Pedro a Carlos:

Carlos e Pedro feríronse na pelexa:

Pedro e María envíanse mensaxes polo móbil:

Pedro envíase mensaxes porque non ten quen lle escriba:

5. Cales destas accións son transitivas e cales intransitivas? Axuda a Xoán coa resposta.

Deixoume unha ferramenta para rematar o traballo:

Os rapaces mercaron os mellores xoguetes:

Carlos feriuse coa agulla de coser:

Os autobús chegou á parada antes do previsto:

As árbores deron moi poucos froitos este ano:

Os froitos medraron con lentitude:

6 . María quixo que a Xoán lle quedase ben clara a diferenza entre as cláusulas e as oracións, así que lle preguntou directamente cómo se define a unidade oración. Que responderías ti?

7. Xoán quedou bastante desconcertado con esta resposta porque non entende o significado dunha relación interordinada nin tampouco dunha relación coordenada. Que lle respondería María?

8. Un dos exercicios que María pensou para Xoán é que este propuxese exemplos varios sobre os distintos tipos de oracións que existen. Propón ti varios exemplos de oracións, sexan coordinadas ou interordinadas, anótaos e trata de identificar a súa estrutura. Comproba a resposta nos teus apuntamentos

9. Xoán comentoulle a María que non entende ben os conceptos de oración e enunciado. Repasa os contidos teóricos e trata de elaborar unha resposta que poida axudar a Xoán a solucionar este problema.

10. Finalmente, María quere facer unha proba máis. Tratará de modular a voz de xeito que, a partir dun mesmo exemplo, este sufra as mínimas modificacións posibles para que resulte en enunciado afirmativo, negativo, aseverativo, interrogativo, desiderativo, imperativo, exclamativo e dubitativo. Realiza este mesmo exercicio con algún compañeiro de clase, familiar, amigo, etc. A ver que pasa!

Solución:

1:

Hai dous tipos de estruturas, as cláusulas simples e as complexas. Son simples as que presentan un só verbo, como no exemplo "A casa de pedra ten dúas fiestras". Son complexas aquelas que presentan máis de un predicado e, entre eles, se produce unha relación de inclusión e dependencia. Neste caso, a cláusula que se mantén dependente da outra denomínase subordinada. Exemplo: "A casa de pedra que vimos ten dúas fiestras".

2: substantivas, adxectivas e adverbiais. Podes comprobar o acerto do teu exemplo consultando o apartado teórico.

3:

Cláusulas substantivas: conxunción *que*. A conxunción actúa de nexo de unión e non desenvolve no interior da cláusula subordinada unha función concreta (de aí que só sexa considerado unha conxunción).

Cláusulas adxectivas: pronome relativo *que*. O nexo *que* actúa como pronome relativo, é dicir, substitúe na cláusula subordinada o propio elemento ao que fai referencia 8de aí que sexa considerado pronome).

Cláusulas adverbiais: van introducidas polos adverbios *cando, onde* e *como* (ademais doutras posibles locucións adverbiais), que actúan como nexos de unión e dan un valor de tempo (cando), lugar (onde), modo (como), etc.

4:

Carlos feriuse xogando con Pedro: reflexiva

Carlos feriu a Pedro e Pedro a Carlos: recíproca

Carlos e Pedro feríronse na pelexa: recíproca

Pedro e María envíanse mensaxes polo móbil: recíproca

Pedro envíase mensaxes porque non ten quen lle escriba: reflexiva.

5:

Deixoume unha ferramenta para rematar o traballo: transitiva

Os rapaces mercaron os mellores xoguetes: transitiva

Carlos feriuse coa agulla de coser: transitiva

Os autobús chegou á parada antes do previsto: intransitiva

As árbores deron moi poucos froitos este ano: transitiva

Os froitos medraron con lentitude: intransitiva

6:

Unha oración é a unidade sintáctica de maior nivel cá cláusula. Unha oración posúe no seu interior varias cláusulas (sexan simples ou complexas) relacionadas dalgunha maneira (ou ben interordinadamente ou ben coordinadamente).

7:

Unha relación interordinada é aquela que se produce entre dous elementos (neste caso, cláusulas) que se necesitan mutuamente para existir. Non existe un elemento se non existe o outro. Repara no prefixo *inter* ('entre') que establece esa relación de implicación mutua. Así, pensemos que as oracións interordinadas tamén se denominan *bipolares* porque están formadas por "dous polos" (bi + polar) que se necesitan. Repara en que todos os tipos de oracións bipolares están formados por dous elementos: tese – antítese, antecedente – consecuente, condicionante – condicionado, causa – efecto, etc.

Pensa que no exemplo *aínda que viñeses máis apurado*… esta cláusula (tese) está incompleta se non se acompaña do elemento que falta (antítese) …*non chegarías a tempo*.

Unha relación coordinada é aquela que se produce entre dous elementos que coexisten no discurso. Non é necesaria a existencia de un para que exista o outro. Se os dous (ou máis) elementos aparecen, fano sempre a través dun nexo de unión (*e, nin, ou,* etc.).

Por exemplo: Viñeron os teus pais e trouxeron o televisor. Pensa que calquera dos dous elementos (viñeron os teus pais / trouxeron o televisor) ten sentido completo por si só e non existe entre eles unha relación de implicación ou dependencia mutua.

8:

Comproba a túa resposta nos apuntamentos.

9: O enunciado non é unha unidade de análise sintáctica superior nin inferior á oración. É unha unidade de comunicación, atende ao sentido completo de cada cousa que vaiamos dicindo. Cando falamos, como sabes, emitimos sons que constrúen palabras, e estas frases, e estas cláusulas, e estas oracións. Pero non sempre falamos construíndo oracións completas, nin tampouco cláusulas ou frases; moitas veces abóndanos cunha palabra para afirmar ou negar algo (como, por exemplo: *si!*, ou *non!*).

Cada unha destas unidades dotadas de sentido completo (sexan palabras, frases, cláusulas ou oracións), con independencia semántica e sintáctica, constitúen enunciados.

10:

Trátase de que realices os mínimos cambios posibles, que podes consultar no apartado 3 da unidade 7, e de que unha terceira persoa sexa quen identifique e avalíe os distintos enunciados. Tamén podes facer a actividade contraria, é dicir, que sexa unha terceira persoa quen realice os cambios e ti identifiques os enunciados resultantes.